

**ACORDO SOBRE O BAREMO APLICABLE NOS SISTEMAS DE CONCURSO E
CONCURSO-OPOSICIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN AO ABEIRO DA LEI
20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Reunidos a Xerencia, o Comité de empresa de Ourense, o Comité de empresa de Pontevedra e a Xunta de persoal funcionario o 15 de novembro de 2022, acadouse un acordo unánime sobre os baremos dos sistemas de concurso único e excepcional e concurso-oposición aplicables ás prazas da taxa adicional de estabilización e de persoal declarado indefinido non fixo das OEP de 2019, 2020 e 2021, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

1. BAREMO DE MÉRITOS SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO ÚNICO E EXCEPCIONAL.

Non poderá considerarse que superaron o proceso selectivo as persoas aspirantes pola quenda de promoción interna que non acaden unha puntuación mínima do 30 % no apartado A) Méritos profesionais.

A) Méritos profesionais. Valoraranse ata un máximo de 80 puntos os servizos efectivamente prestados da seguinte forma:

1. Servizos prestados na Universidade de Vigo desde o 01/11/2011 ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, na escala e subescala á que se opte como persoal funcionario interino, persoal laboral temporal ou persoal laboral fixo ao que se lle autorizar a realización de funcións doutra categoría. Valorarase a razón de 0,4550 puntos por mes completo traballado.
2. Servizos prestados ata o 31/10/2011 na Universidade de Vigo, na escala e subescala á que se opte como persoal funcionario interino, persoal laboral temporal ou persoal laboral fixo ao que se lle autorizara a realización de funcións doutra categoría. Valorarase a razón de 0,2275 puntos por mes completo traballado.
3. Servizos prestados noutras administracións públicas na mesma escala e subescala ou na categoría profesional equivalente á que se opte, como funcionario interino, persoal laboral con contrato temporal. Deberán acreditarse mediante certificación oficial na que conste a denominación, as funcións e os períodos traballados. Computarase 0,05 puntos por mes completo traballado.

Computaranse como servizos prestados os períodos en situación de excedencia por coidado de fillo/s, filla/s ou familiar/es, debidamente acreditado.

O cómputo dos meses realizarase por días naturais (30 días) e para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirse o resultado entre trinta (30) e multiplicarse o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que se sinala en cada apartado.

B) Méritos académicos, formación e outros. Ata un máximo 20 puntos, coa seguinte desagregación:

1. Titulacións académicas oficiais: Valorarase ata un máximo de 1 punto estar en posesión ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha titulación académica oficial de superior nivel á esixida para acceder á escala ou subescala:

Titulación universitaria	1
Ciclo Superior de Formación Profesional	0,50
Outras titulacións non universitarias	0,25

2. Formación. Valorarase ata un máximo de 6 puntos a formación recibida ou impartida ata o remate do prazo de presentación de solicitudes, relacionada coa categoría, escala ou subescala da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais.

Duración	Puntuación
De 30 horas a 99 horas	1 punto
De 100 horas a 249 horas	2 puntos
De 250 horas a 499 horas	3 puntos
Igual ou superior a 500 horas	4 puntos

Os cursos cunha duración menor de 30 horas non se tomarán en consideración agás que a suma deles sexa igual ou superior a 30 horas, recibindo polo conxunto un máximo de 1 punto.

3. Grao de coñecemento do idioma galego. Valorarase ata un máximo de 3 puntos. Só se lle concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións validadas polo órgano competente de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG nº 34, do 19 de febreiro), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

- a. Celga 5 ou equivalente: 3 puntos.
- b. Celga 4 ou equivalente: 2,50 puntos.
- c. Celga 3 ou curso de iniciación: 1,75 puntos.
- d. Curso de linguaxe administrativa ou linguaxes especializadas (científica, técnica etc.): 0'5 puntos por curso.
- e. Curso de galego oral ou redacción de textos en galego: 0'5 puntos por curso.
- f. Curso complementario da lingua galega: 0'5 puntos por curso.

No caso de acreditar varios cursos de lingua galega só se terá en conta o de nivel superior.

4. Superación de exercicios en procesos selectivos convocados pola Universidade de Vigo e rematados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Valoraranse ata un máximo de 10 puntos.

4.1 Exercicios aprobados en procesos selectivos para a adquisición da condición de funcionario de carreira da escala e subescala da praza á que se opte ou de persoal laboral fixo da categoría profesional equivalente, segundo o establecido no anexo II do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Só se considerarán, se é o caso, as dúas últimas convocatorias de procesos selectivos, computándose os exercicios que correspondan á convocatoria que fose máis favorable para as persoas aspirantes. Non se computarán exercicios correspondentes a convocatorias distintas, valorándose a convocatoria que resulte máis favorable ao aspirante no seu conxunto.

a) Procesos selectivos con 3 exercicios eliminatorios, valoraranse coa seguinte puntuación:

1. Por ter superado o 1º exercicio: 4 puntos.
2. Por ter superado o 2º exercicio: 3,5 puntos

3. Por ter superado o 3º exercicio: 2,5 puntos

b) No caso de participación en procesos selectivos con 2 exercicios eliminatorios, valoraranse coa seguinte puntuación:

1. Por ter superado o 1º exercicio: 5,5 puntos
2. Por ter superado o 2º exercicio: 4,5 puntos.

4.2. Procesos selectivos rematados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para a contratación temporal, creación ou ampliación de listas de agarda: por ter superado un exercicio da última convocatoria para a elaboración de listas de agarda da mesma escala e subescala ou categoría profesional da praza á que se opte, valorarase con 2 puntos.

C) Criterios de desempate. En caso de empate na puntuación final os criterios de desempate serán os seguintes:

1. Maior antigüidade na Universidade de Vigo na categoría correspondente.
2. Maior idade.
3. Orde alfabética establecido na Comunidade Autónoma no ano de publicación da convocatoria.

2. BAREMO DE MÉRITOS SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN.

A) FASE DE OPOSICIÓN

Tendo en conta que todas as prazas ofertadas nas OEP de 2019, 2020 e 2021, de conformidade co disposto no punto terceiro da resolución do 10 de decembro de 2021 pola que se publica a oferta de emprego público (OEP) do persoal de administración e servizos para o ano 2021, se convocarán como prazas de persoal funcionario, desenvólvese deseguido o contido da fase de oposición correspondente aos subgrupos A1, C1 e C2.

Os exercicios da fase de oposición serán eliminatorios, agás os correspondentes aos coñecementos de lingua galega e aos coñecementos non específicos ou, se é o caso, aqueles que expresamente se indiquen nas convocatorias.

En todos os casos, as preguntas adicionais de reserva substituirán, de ser o caso, ás preguntas anuladas pola súa orde.

1. Subgrupo A1.

A fase de oposición contará cun máximo de 60 puntos e estará composta polos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: de carácter teórico, escrito e eliminatorio. Consistirá en contestar un test de 120 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, da primeira parte do programa.

O tempo de realización será de 140 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O exercicio incluírá 8 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Cualificarase cun máximo de 27 puntos e será necesario obter 13,5 puntos para superalo.

Segundo exercicio: de carácter práctico e eliminatorio. Consistirá en realizar as probas prácticas e/ou resolver un ou varios supostos prácticos relativos á primeira parte do programa.

O tempo de realización será de 180 minutos. Cualificarase cun máximo de 27 puntos e será necesario obter 13,5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Estará composto por dúas probas:

- a) Coñecementos de lingua galega. Estarán exentas de realizala as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4 consonte o establecido na base 6.8., sendo cualificados con 2 puntos. Esta proba incluírá 2 partes:
 - Primeira. Consistirá en contestar un test de 20 preguntas sobre o coñecemento da lingua galega, con catro respostas alternativas das cales só unha delas será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Disporase de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25 % do valor da resposta correcta. Valorarase cun máximo de 1 punto.
 - Segunda. Comprensión escrita ou oral e expresión oral. Consistirá en ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo e, a seguir, realizar unha

entrevista coa persoa examinadora, debendo resumir o input e manter un diálogo ao respecto para avaliar a súa expresión oral. Valorarase cun máximo de 1 punto.

- b) Coñecementos non específicos. Consistirá en contestar un test de 20 preguntas sobre a segunda parte do programa, con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. O tempo máximo de realización será de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25 % do valor da resposta correcta. Valorarase cun máximo de 4 puntos.

2. Subgrupo C1.

A fase de oposición contará cun máximo de 60 puntos e estará composta polos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: de carácter teórico, escrito e eliminatorio. Consistirá en contestar un test de 100 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, da primeira parte do programa.

O tempo de realización será de 120 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O exercicio incluírá 6 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Cualificarase cun máximo de 27 puntos e será necesario obter 13,5 puntos para superalo.

Segundo exercicio: de carácter práctico e eliminatorio. Consistirá en realizar as probas prácticas e/ou resolver un ou varios supostos prácticos relativos á primeira parte do programa.

O tempo de realización será de 150 minutos. Cualificarase cun máximo de 27 puntos e será necesario obter 13,5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Estará composto por dúas probas:

- a) Coñecementos de lingua galega. Estarán exentas de realizala as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4 consonte o establecido na base 6.8., sendo cualificados con 2 puntos. Esta proba incluírá 2 partes:

Primeira. Consistirá en contestar un test de 20 preguntas sobre o coñecemento da lingua galega, con catro respostas alternativas das cales só unha delas será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Disporase de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25 % do valor da resposta correcta. Valorarase cun máximo de 1 punto.

Segunda. Comprensión escrita ou oral e expresión oral. Consistirá en ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo e, a seguir, realizar unha entrevista coa persoa examinadora, debendo resumir o input e manter un diálogo ao respecto para avaliar a súa expresión oral. Valorarase cun máximo de 1 punto.

- b) Coñecementos non específicos. Consistirá en contestar un test de 20 preguntas sobre a segunda parte do programa, con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. O tempo máximo de realización será de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25 % do valor da resposta correcta. Valorarase cun máximo de 4 puntos.

3. Subgrupo C2.

A fase de oposición contará cun máximo de 60 puntos e estará composta polos seguintes exercicios:

3.1 Escala auxiliar administrativa, subescala administración:

Primeiro exercicio: de carácter teórico, escrito e eliminatorio. Consistirá en contestar un test de 90 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, da primeira parte do programa.

O tempo de realización será de 120 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O exercicio incluírá 5 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Cualificarase cun máximo de 58 puntos e será necesario obter 29 puntos para superalo.

Segundo exercicio: De carácter práctico e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica con ordenador, na que se deberá contestar a un cuestionario de 20 preguntas tipo test, con 3 preguntas de reserva, con catro respostas alternativas das que só unha será correcta, dirixidas a valorar os coñecementos das persoas aspirantes nos programas Word para Microsoft 365 e Excel para Microsoft 365, versións do ano 2016 ou posteriores.

As persoas aspirantes disporán dun ordenador para realizar as accións necesarias para contestar ás preguntas do cuestionario, que consignarán na folla de respostas proporcionada polo tribunal.

Todas as preguntas terán a mesma puntuación e non puntuarán negativamente as respostas incorrectas.

O tempo de realización será de 60 minutos. Cualificarase como apto ou non apto.

Estará exento de realizar este exercicio quen acredite estar en posesión da Certificación Galega de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX) ou adquira formación equivalente nos programas Word e Excel para Microsoft 365, versións do ano 2016 ou posteriores.

Os cursos deberán ser de aptitude e ter unha duración mínima de 50 horas para Excel e 30h para Word.

Terceiro exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio sobre coñecementos de lingua galega. Estarán exentas de realizala as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 3 consonte o establecido nas bases, sendo cualificados con 2 puntos. Esta proba incluírá 2 partes:

- Primeira. Consistirá en contestar un test de 20 preguntas sobre o coñecemento da lingua galega, con catro respostas alternativas das cales só unha delas será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Disporase de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25 % do valor da resposta correcta. Valorarase cun máximo de 1 punto.
- Segunda. Comprensión escrita ou oral e expresión oral. Consistirá en ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo, e, a seguir, realizar unha entrevista coa persoa examinadora, debendo resumir o input e manter un diálogo ao respecto para avaliar a súa expresión oral. Valorarase cun máximo de 1 punto.

3.2 Restantes escalas e subescalas

Primeiro exercicio: de carácter teórico, escrito e eliminatorio. Consistirá en contestar un test de 90 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, da primeira parte do programa.

O tempo de realización será de 120 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O exercicio incluírá 5 preguntas de reserva que deberán responderse

dentro do tempo indicado. Cualificarase cun máximo de 27 puntos e será necesario obter 13,5 puntos para superalo.

Segundo exercicio: De carácter práctico e eliminatorio. Consistirá en realizar as probas prácticas e/ou resolver un ou varios supostos prácticos relativos á primeira parte do programa. O tempo de realización será de 120 minutos. Cualificarase cun máximo de 27 puntos e será necesario obter 13,5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio: de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Estará composto por dúas probas e computará hasta 6 puntos.

- a) Coñecementos de lingua galega. Estarán exentas de realizala as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 3 consonte o establecido nas bases, sendo cualificados con 2 puntos. Esta proba incluírá 2 partes:
 - Primeira. Consistirá en contestar un test de 20 preguntas sobre o coñecemento da lingua galega, con catro respostas alternativas das cales só unha delas será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Disporase de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25 % do valor da resposta correcta. Valorarase cun máximo de 1 punto.
 - Segunda. Comprensión escrita ou oral e expresión oral. Consistirá en ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo, e, a seguir, realizar unha entrevista coa persoa examinadora, debendo resumir o input e manter un diálogo ao respecto para avaliar a súa expresión oral. Valorarase cun máximo de 1 punto.
- b) Coñecementos non específicos. Consistirá en contestar un test de 20 preguntas sobre a segunda parte do programa, con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. O tempo máximo de realización será de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25 % do valor da resposta correcta. Valorarase cun máximo de 4 puntos.

B) FASE DE CONCURSO

Os criterios comúns ditados pola SEFP en febreiro de 2018, para a aplicación do proceso de estabilización derivado da Lei de presupostos xerais do Estado para o 2017, sinalaban que dadas as características singulares e extraordinarias destes procesos, pode resultar conveniente que os servizos prestados a valorar sexan unicamente os correspondentes á mesma categoría profesional ou escala ou subescala de funcionarios e, se é o caso, establecer unha gradación que permita valorar en maior medida os servizos prestados na mesma categoría, escala ou subescala. No mesmo sentido se manifesta a SEFP nas orientacións ditadas no pasado mes de abril e a CRUE na valoración e análise da Lei 20/2021 emitida o 12/01/2022.

Polo indicado, entendemos conveniente que os servizos prestados a valorar sexan unicamente os correspondentes á mesma categoría profesional, corpo ou escala de funcionarios. Neste sentido, como a finalidade do proceso é reducir a taxa de temporalidade de cada administración pública, xerada polas circunstancias legais acaecidas nos últimos anos, considérase proporcionado e equilibrado, obxectivo e razoable, e baseado nos principios de mérito e capacidade unha valoración superior dos servizos prestados na Universidade de Vigo, respecto dos realizados noutras administracións públicas.

Para os efectos de manter a mesma proporción na valoración de méritos da proposta para o proceso selectivo, excepcional e por unha soa vez, do concurso previsto nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 40% da puntuación total da fase de concurso, o 32% corresponderá aos méritos profesionais e 8% restante aos méritos académicos.

1. Méritos profesionais. Valoraranse ata un máximo de 32 puntos os servizos efectivamente prestados da seguinte forma:

1.1 Servizos prestados na Universidade de Vigo na escala e subescala ou na categoría profesional equivalente á que se opte, como funcionario interino, persoal laboral con contrato temporal ou persoal laboral fixo ao que se lle autorizara a realización de funcións doutra categoría. Considerarase categoría profesional equivalente as que se relacionan no anexo II do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, incluídas as categorías extinguidas por transformación. Valorarase a razón de 0,333 puntos por mes completo traballado.

1.2 Servizos prestados noutras administracións públicas na escala e subescala ou na categoría profesional equivalente á que se opte, como funcionario interino, persoal laboral con contrato temporal. Deberán acreditarse mediante certificación oficial na que

conste a denominación, as funcións e os períodos traballados. Valorarase a razón de 0,054 puntos por mes completo traballado.

Computaranse como servizos prestados os períodos en situación de excedencia por coidado de fillo/s, filla/s ou familiar/es.

O cómputo dos meses realizarase por días naturais (30 días) e para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e multiplicarse o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que se sinala en cada apartado.

2. Méritos académicos, formación e superación de procesos selectivos. Ata un máximo 8 puntos, coa seguinte desagregación:

2.1. Titulacións académicas oficiais: Valorarase ata un máximo de 1,60 punto estar en posesión ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha titulación académica oficial de superior nivel á esixida para acceder á escala ou subescala.

2.1.1 Para a Escala de Auxiliar Administrativo.-Subescala Administración e para a Escala de Facultativos, Arquivos, Bibliotecas e Museos.-Subescala Biblioteca:

Titulación	Puntos
Doutoramento / mestrado oficial	1,60
Licenciatura, grao ou equivalente	1,40
Diplomatura ou equivalente	1
Ciclo superior de Formación Profesional	0,40
Bacharelato, ciclo medio de FP	0,30

2.1.2 Para as restantes escalas:

Titulación	Puntos
Universitaria	1,60
Ciclo Superior de Formación Profesional	0,80
Outras titulacións non universitarias	0,40

2.2. Formación. Valorarase ata un máximo de 3,60 puntos a formación recibida ata o remate do prazo de presentación de solicitudes, relacionada coa categoría, escala ou subescala da praza.

Duración	Puntuación
De 30 horas a 99 horas	0,60 puntos
De 100 horas a 249 horas	1,20 puntos.
De 250 horas a 499 horas	1,80 puntos.
Igual ou superior a 500 horas	2,40 puntos.

Os cursos cunha duración menor de 30 horas non se tomarán en consideración agás que a suma deles sexa igual ou superior a 30 horas, recibindo polo conxunto un máximo de 1 punto.

Considerarase que a formación está directamente relacionada coa categoría se o seu contido se refire directamente aos temas que configuran o programa. Non se computarán os cursos que sirvan para quedar exentos dalgunha proba.

De acreditar máis dun nivel de coñecemento, valorarase unicamente o curso de superior nivel.

No caso dos cursos de galego, só se valorarán os de nivel superior ao exixido na convocatoria.

2.3. Superación de exercicios en procesos selectivos. Valoraranse ata un máximo de 2,80 puntos.

2.3.1 Exercicios aprobados en procesos selectivos convocados pola Universidade de Vigo e rematados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, para a adquisición da condición de funcionario de carreira da escala e subescala da praza á que se opte ou de persoal laboral fixo da categoría profesional equivalente, segundo o establecido no anexo II do Acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Só se considerarán as dúas últimas convocatorias de procesos selectivos, computándose os exercicios que correspondan á convocatoria que fose máis favorable para as persoas aspirantes. Non se computarán exercicios correspondentes a convocatorias distintas.

a) Procesos selectivos para persoal fixo ou funcionario de carreira con 3 exercicios eliminatorios, valoraranse coa seguinte puntuación:

1. Por ter superado o 1º exercicio: 1,20 puntos.
2. Por ter superado o 2º exercicio: 1 punto.

3. Por ter superado o 3º exercicio: 0,60 puntos.

b) No caso de participación en procesos selectivos con 2 exercicios eliminatorios, valoraranse coa seguinte puntuación:

1. Por ter superado o 1º exercicio: 1,60 puntos.

2. Por ter superado o 2º exercicio: 1,20 puntos.

2.3.2 Procesos selectivos rematados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para a contratación temporal, creación ou ampliación de listas de agarda: por ter superado un exercicio da última convocatoria para a elaboración de listas de agarda da mesma escala e subescala ou categoría profesional da praza á que se opte, valorarase con 0,60 puntos.

C) Criterios de desempate. En caso de empate na puntuación final os criterios de desempate serán os seguintes:

1. Maior puntuación na fase de oposición.
2. Maior antigüidade na Universidade de Vigo na categoría correspondente.
2. Maior idade.
3. Orde alfabética establecido na Comunidade Autónoma no ano de publicación da convocatoria.

Vigo, 23 de novembro de 2022

(documento asinado electronicamente)

A Xerenta

O Presidente do Comité
de Empresa de Pontevedra

O representante do Comité
de Empresa de Ourense

O Presidente da Xunta
de PAS Funcionarios

Yolanda T.
Lesmes Romero

Marcos Estévez Orge

Rodrigo Alverte Pivida

Xoán M. Cebro Rodríguez